

**A NACIÓN MODERNA:  
ENTIDADE POLÍTICA E  
COMUNIDADE CULTURAL.  
CONSECUENCIAS E  
PROBLEMAS ACTUAIS**

**Anne-Marie Thiesse**

Directora do Centre National de la Recherche  
Scientifique (París)



## A FORMACIÓN DAS IDENTIDADES NACIONAIS EN EUROPA

A cuestión nacional, neste comezo do século XXI, presenta numerosas interrogantes. Así, hoxe coexisten dous fenómenos aparentemente contraditorios: por unha banda, a globalización semella ameazar os Estados-nación, ou polo menos pór en dúbida o papel que tradicionalmente desempeñaran estes nos eidos políticos, económicos e sociais. Mais, por outra banda, estamos a vivir a reactivación da cuestión nacional e o rexurdimento dos nacionalismos en múltiples aspectos, o cal se manifesta, en principio, na recente aparición de novos Estados-nación, sobre todo tras o desmembramento da Unión Soviética e de Iugoslavia. Así mesmo, estanse a multiplicar as reivindicacións autonomistas ou secesionistas no seo dos Estados-nación xa constituídos. E, ademais, débese subliñar a importancia que reviste a cuestión da identidade nacional nos debates políticos contemporáneos. Mesmo nos Estados-nación «vellos» da Europa occidental, a identidade nacional foise convertendo, nos últimos vinte anos, nun tema fundamental no espazo público e xa non é patrimonio exclusivo da extrema dereita nacionalista. Suponse que tal identidade nacional está en perigo, ameazada pola globalización, por unha banda, e pola inmigración, por outra banda; é dicir, polo que constitúe, segundo din algúns, unha invasión do territorio nacional por culturas esóxenas ameazantes –a primeira, a globalización, proveniente dos Estados Unidos en vagas comerciais; a segunda, a inmigración, dos continentes da pobreza en infiltracións clandestinas. A identidade nacional –ou, máis exactamente, os riscos de desaparición ou desnaturalización que pesan sobre ela– figurou como tema fundamental na última campaña das eleccións presidenciais francesas, a comezos do ano 2007. Un dos resultados foi a creación por parte do novo goberno, en maio do mesmo ano e por vez primeira na historia de Francia, dun Ministerio da Identidade Nacional ou, máis precisamente, dun Ministerio da Identidade Nacional, Inmigración, Integración e Cooperación.

Na cuestión da nación e da identidade nacional atópase hoxe, nun amplo número de países, un tema de debate que suscita grandes paixóns. Porén, aqueles que participan nestas controversias están de acordo, en xeral, nun aspecto: en considerar a identidade da súa nación como algo totalmente específico e resultado dunha historia nacional moi longa e particular. Mais a identidade nacional, sexa cal for a nación que se estea a analizar, é o resultado de procesos vinculados á modernidade, así como á dimensión transnacional da devandita modernidade.

En efecto, lembremos este feito primordial da xeopolítica: na actualidade vivimos nun mundo onde a forma nacional é a que máis comunmente adoptan os Estados existentes; e, en calquera caso, é a forma de Estado máis lexítima. Xeralmente, considérase, a escala internacional, que unha poboación cuxa entidade é máis ou menos ampla ten dereito a reivindicar un Estado independente e soberano se tal poboación constitúe unha nación. Nos nosos días, o Estado nacional é unha especie de norma universal en materia política; agora ben, hai dous séculos apenas existía, e neses dous séculos espallouse por case todo o planeta. É a primeira vez na historia da humanidade que se universaliza unha forma política concreta. A forza adquirida polo principio nacional, a súa xeneralización ao longo dos séculos XIX e XX e a súa encarnación en organizacións sociais e políticas marcaron fondamente as nosas sociedades actuais, para ben e para mal. A Unión Europea é unha asociación de Estados-nación, podemos afirmar con certeza que nestes momentos consta de vinte e sete Estados membros; mais cantas nacións existen hoxe na Unión Europea? Suxerir un número é suscitar numerosas controversias, máis ou menos violentas, sobre casos concretos como os de Córsega, Escocia, Cataluña ou mesmo Bélxica, onde se está a considerar seriamente dividir o país en función do idioma. Así pois, vivimos nun espazo definido nun alto grao pola realidade nacional, mais non contamos cunha resposta clara para a gran pregunta: que é unha nación?

## **A NACIÓN: UNHA COMUNIDADE CULTURAL E POLÍTICA CONSTRUÍDA**

Que é unha nación? Ampla pregunta á que se lle dedicaron bibliotecas enteiras de publicacións, e á que non se lle pode dar resposta nunha palabra nin mesmo

nunha frase. Nun asunto tan complexo hai que desconfiar das explicacións sucintas, mais, infelizmente, os ensaístas políticos franceses adoitaron empregar, nestes últimos anos, unha definición decididamente simplista, cuxo único propósito é o de inflamar o orgullo nacional.

Segundo esta definición, hai dous conceptos de nación. Por un lado, unha concepción puramente política, chamada francesa por corresponderse cos ideais da súa Revolución: a pertenza a unha nación é a expresión dunha escolla racional, contractual, de pertenza a unha entidade política. Por outra banda, existe unha concepción cultural da nación, chamada alemá, que xorde do movemento romántico. Neste caso, a pertenza nacional vén determinada por criterios étnicos e culturais.

Unha concepción «boa» da nación: racional, política, respectuosa cos dereitos humanos... e, xa que logo, francesa. Por outro lado, unha «má»: irracional, cultural, determinista, que por si leva a un organicismo racista..., é dicir, alemá. Esta oposición teórica reflicte ben a relación de violento conflito mantida por Francia e Alemaña entre 1870 e 1945, e ten as súas orixes nunha polémica suscitada entre intelectuais alemáns e franceses en 1880 verbo da pertenza nacional dun territorio concreto, Alsacia.

Mais, insisto, esta oposición entre nación política e nación cultural en absoluto permite clasificar as nacións que realmente existen no planeta. A definición da «nación á francesa», como froito dun contrato político, nin sequera permite comprender a realidade francesa; non esquezamos que Francia é un país onde se fai un forte investimento da identidade nacional na lingua e na cultura. Ademais, as novas leis de inmigración esíxenlles aos que desexan entrar en Francia un bo coñecemento non da Constitución, senón da lingua francesa.

Dito isto, existe sen dúbida un estreito vencello entre nación, cultura e política, pois a nación, na concepción moderna deste termo, sempre se define simultaneamente na orde política e na cultural. Esta dupla determinación da nación –política e cultural– áchase no centro mesmo da concepción moderna.

Para entendérmolo, propono que volvamos á época en que se formou en Europa a concepción moderna da nación; isto é, a finais do século XVIII. A nova idea de nación correspondía, daquela, a unha gran revolución ideolóxica, dirixida contra os principios organizadores das sociedades monárquicas e principescas, que postula que todos os individuos –masculinos– deben ser libres

e iguais ante a lei, sexa cal for a súa condición social. Esta nova concepción defende, así mesmo, que a soberanía non emana do dereito divino, que non lle pertence ao monarca..., senón que se afirma que a soberanía lle pertence á entidade política formada polos cidadáns libres e iguais. O seu conxunto, denominado nación, é a única fonte lexítima da soberanía política.

A Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán, proclamada nos primeiros momentos da Revolución Francesa –26 de agosto de 1789– expresa esta definición política da nación. Porén, e de xeito moi significativo, non fala dunha nación en concreto, neste caso a francesa; presenta, pola contra, reivindicacións universais e en absoluto ofrece os criterios que permitirían distinguir de modo concreto unha nación doutra e, xa que logo, trazar os límites da nación política formada polos franceses daquela constituída polos alemáns, os ingleses ou por outros. De feito, é no eido cultural onde se van sentar as bases das diversas nacións, xunto cos criterios de distinción entre nación francesa, alemá, española, sueca, etc.

A concepción moderna da nación resulta, pois, da asociación dun principio político –universal e abstracto– e unha definición cultural –particularizante e concreta. Desde hai dous séculos, na formación de todas as nacións insístese por veces máis nun aspecto ca no outro; mais é a súa alianza, constituínte dun *universal do particular*, o que caracteriza o desenvolvemento do principio nacional.

A nación moderna, xa que logo, é unha entidade política que se corresponde cunha comunidade de cultura. Non obstante, no momento en que se comezou a presentar esta relación, a finais do século XVIII, en Europa non existían estas comunidades. A unificación relixiosa dos Estados cristiáns levárase máis ou menos a cabo, provocando masacres e expulsións, pero non había comuna segrar ningunha que puidese unir a aristócratas, burgueses e campesiños.

A heteroxeneidade cultural era moi ampla nos imperios, reinos e principados da era prenatal. A cultura das elites, a miúdo transnacional, difería radicalmente das culturas populares, as cales adoitaban ser heteroxéneas pola súa vez. Porén, hoxe existen culturas nacionais ben afirmadas, transociais, que permiten que os individuos que viven nun mesmo Estado teñan referencias identitarias comúns e moi fortes. Estas culturas nacionais actuais construíronse, e foron obra –xigantesca– dos intelectuais, artistas, sabios e escritores que, na Europa dos séculos XIX e XX, traballaron con celo na construción das súas respectivas cul-

turas nacionais. Cómpre subliñar que este traballo colosal de construción das identidades nacionais foi o resultado de intensas transferencias culturais entre nacións en formación. Os construtores das culturas nacionais non cesaron de intercambiar entre si ideas, métodos e principios; observáronse, imitáronse. Traducíronse ou transcribíronse numerosos libros, imitáronse ou recompiláronse moitas obras artísticas, cruzaron as fronteiras innumerables argumentacións nacionalistas.

## O PARADIGMA TRANSNACIONAL DA IDENTIDADE NACIONAL

De feito, cando se examinan as identidades nacionais europeas construídas desde hai dous séculos, ben se ve que constitúen variantes dun modelo común. Así, toda nación recoñecida posúe os seguintes elementos: antigos fundadores; unha historia multiseccular, continua, que establece o vencello entre as orixes e o presente; heroes que son exemplo de civismo e moral; en xeral, unha lingua particular; obras culturais emblemáticas na literatura, na pintura ou na música; monumentos históricos e lugares de memoria; tradicións populares; e paisaxes emblemáticas.

Estes elementos adoitan servir para representar a nación nas cerimoniais oficiais, na iconografía dos billetes de banco ou nas guías turísticas.

Para retomar a expresión provocadora do sociólogo sueco Orvar Löfgren (Löfgren, 1989), pódese falar de «lista de control de identidade» das nacións modernas. Toda identidade nacional é particular, pero constitúe unha variante dun modelo xeral. A homoloxía das diferentes identidades nacionais, a súa semellanza estrutural, pódenos parecer paradoxal, xa que contradí a autorrepresentación das culturas nacionais como herdanza dun pasado longo e específico. Pola contra, concorda coa percepción das culturas nacionais como construcións/construtos da modernidade. Se o particularismo que define unha nación concreta en termos culturais se articula co universalismo da definición política da nación, é xustamente porque está estandarizado, e esta estandarización resulta menos sorprendente canto máis se lle aplica á forma política que se desenvolveu na era das revolucións industriais, da estandarización dos intercambios e da produción.

As culturas nacionais, tal e como as coñecemos hoxe, foron construídas a partir do século XIX por intelectuais, artistas e produtores culturais –editores, directores de prensa ou de teatro, etc.– e difundíronse entre a poboación mediante operacións pedagóxicas e escolares, mais tamén, a miúdo, extraescolares. Os intelectuais e artistas que traballaron na formación das culturas nacionais fixérono por patriotismo, pola gloria e a felicidade da súa nación. Algúns pagárono coa vida ou con anos de prisión. O ideal nacional que os animaba correspondíase cos valores políticos da modernidade, polo menos na primeira fase das construcións nacionais: emancipación e liberación do pobo, igualdade e fraternidade dos cidadáns, independencia e soberanía da nación. As culturas nacionais proporcionáronlles aos membros da nación uns referentes comúns transociais e transreligiosos e ancoraron na historia os fundamentos dunha comunidade de destino.

## A NACIONALIZACIÓN DO PASADO

O pasado ocupa un lugar fundamental e paradoxal na formación e na consolidación das nacións modernas. Paradoxal, porque a nación é, precisamente, a forma política da modernidade, vinculada ás mudanzas políticas, económicas, tecnolóxicas e sociais. A formación das nacións inscríbese nun proceso de cambio radical –concreto e conceptual– das sociedades modernas: industrialización, urbanización, desenvolvemento do mercado, reivindicación da igualdade e da emancipación social. No entanto, estas mudanzas radicais baséanse na representación da nación non como novidade, senón como comunidade sumamente antiga que sobreviviu ao longo dos séculos. As argumentacións nacionalistas non reivindicaban unha mudanza da sociedade para forxar un futuro totalmente novo: pretendían restituír un pasado fundamental. Construír a nación, segundo tales argumentacións, consistía, de feito, en retornar ás orixes, en volver serlles fiel. Era preciso espertar a nación do longo sono en que se aletargara e no cal perdera a conciencia da súa existencia. A metáfora da Bela Dormente ou *Sleeping Beauty* aparece, ademais, nun gran número de denominacións de movementos nacionalistas do século XIX (cfr. o *Risorgimento* italiano, a *Renaixença* catalá, etc.).



Nestes últimos dous séculos practicouse simultaneamente unha relixión do progreso e o culto do pasado, sen que se dese contradición ningunha entre estas dúas caras da modernidade. Para que todo mude sen que se produzan disxuncións, sen dúbida é preciso crer que, ao cabo, nada cambia. Na era moderna, o pasado –agora nacionalizado– adoptou unha función pedagóxica: dar leccións para o presente, fornecer indicacións para facer aquelas eleccións que teñan que ver co futuro. Por outra banda, desde a aparición do ensino xeneralizado, a ensinanza da historia nacional constituíu unha materia fundamental, asociada á instrución cívica e moral. Os retos presentes e futuros determinaron, así, a escritura e representación do pasado nacional, o cal, por outra parte, sempre está en reconstrución, en función dos retos do presente que deba lexitimar. Por poñer exemplos recentes, as reivindicacións das minorías, sobre todo mulleres ou inmigrantes, para que se recoñeza o seu lugar na comunidade nacional presente adoitan traducirse en debates historiográficos nos que se demanda que fiquen claro o lugar que ocupan na historia nacional.

O pasado nacional é a historia dun ser colectivo, a «novela de aprendizaxe» a miúdo patética, mais heroica, dunha comunidade transocial e territorializada. Os personaxes da gran novela nacional pertencen a todas as capas sociais; os heroes non son só príncipes, senón tamén burgueses, campesiños, por veces pillabáns patriotas ou mulleres. Os grandes temas do relato nacional son a resistencia á opresión, a loita pola liberdade e a realización da unidade. Ademais, mesmo as derrotas militares poden constituír momentos importantes dunha historia nacional cando se presentan como exemplos de unidade e de sacrificio heroico pola causa nacional.

O xurdimento da idea de nación orixinou unha nova concepción: a do patrimonio material colectivo (Poulot, 1997). Os monumentos históricos apareceron coa idea de nación; antes non existían máis que edificios antigos, definidos polo seu uso e polo seu propietario, que podía facer deles o que quixese e, ademais, gozaba de total liberdade para modificalos e facelos máis cómodos ou máis conformes á estética da época: así, a meirande parte das igrexas romanas ou góticas recibiron «melloras» consistentes en ornamentacións barrocas, e moitos castelos medievais foron abandonados ou vendidos como depósito de pedras polos seus propietarios. Coa idea de nación xorde a idea de que determinados monumentos, pola súa antigüidade, posúen un valor histórico e estético, de que son ele-

mentos preciosos dun patrimonio colectivo. Atentar contra este patrimonio –como ben indica o termo «vandalismo», inventado polo republicano Abbé Grégoire, que se indignaba ante as destrucións cometidas durante a Revolución Francesa– equivale a ser un bárbaro alleo á nación. Mesmo o propietario lexítimo desde ese momento tiña que ver os seus dereitos limitados por un interese superior, o da nación. E ademais cumpría determinar a composición deste patrimonio nacional, dentro do vasto conxunto de edificios antigos, e recoñecela. Así, desde o século XIX, levouse a cabo un intenso traballo para facer o inventario dos edificios que teñen un valor nacional específico e propor para eles medidas concretas de conservación e restauración, labor que emprenderon intelectuais e artistas e que foi continuado por asociacións patrióticas para chegar, progresivamente, a medidas estatais. Un exemplo famoso: en 1831 publicouse en París unha novela histórica cuxa heroína epónima era unha catedral, Notre-Dame de París, na que Victor Hugo lles daba aos seus lectores un curso de arquitectura e historia nacionais, antes de facer un chamamento á acción e á pedagogía patrimoniais: «Conservemos os monumentos nacionais. Inspirémoslle á nación, se é posible, amor pola arquitectura nacional». Varios anos despois creouse en Francia unha Comisión dos Monumentos Históricos. É notable que nese mesmo ano de 1831 o erudito alemán Sulpiz Boisserée publicase o seu *Domwerk* en honor da catedral de Colonia. Constituíuse unha asociación para a finalización desta catedral renana, convertida en metáfora da nación alemá que se estaba a unificar; e, de feito, en todas as nacións europeas comeza daquela a definición dun rico conxunto de monumentos históricos, restaurados a fondo no XIX con espírito patriótico para facelos máis auténticos ou, noutras palabras, máis próximos ás súas representacións. Este labor de recensión e protección conduciu á determinación de estilos arquitectónicos nacionais, que serviron de referencia para a construción de novos edificios símbolo da modernidade: así, a Europa de finais do século XIX cubriuse de estacións de ferrocarril, de oficinas de correos ou de casas do concello neogóticas ou neorrenacentistas, que supostamente encarnaban a estética arquitectónica nacional.

## A FORMACIÓN DAS LINGUAS NACIONAIS

Igual que a conformación do pasado nacional, a cuestión lingüística foi unha das grandes pedras angulares da formación das culturas nacionais. O mapa político de Europa correspóndese hoxe, aproximadamente, cun mapa lingüístico, e pódese circular por un Estado empregando en todo o seu territorio a mesma lingua. No entanto, a paisaxe lingüística de Europa no século XVIII era moi diferente. Deste modo, no seo dun mesmo Estado, a lingua da corte, a lingua relixiosa, a lingua do ensino ou da Administración podían ser moi distintas e coexistir con falas populares diversificadas. O francés era, neste século, a lingua da conversa e da escrita da elite europea, mais unha gran parte dos campesiños franceses era incapaz de falala e comprendela. A monarquía francesa fixera da «lingua do rei» unha lingua administrativa e de cultura, pero o monarca mostrábase indiferente á extrema diversidade lingüística dos seus campesiños e preocupábase, sobre todo, de que pagasen os impostos e non houbera revoltas.

Todo isto mudou con moita rapidez tras a Revolución, cando a erradicación dos «dialectos» se converteu en necesidade política. De maneira xeral, en Europa a formación da nación e a modernización política vinculáronse á idea de comunidade lingüística e, así, un dos grandes teóricos das novas concepcións das culturas nacionais, o teólogo alemán Herder, reprocháballe aos aristócratas que non falasen alemán máis que cos criados e cos cabalos. A formación da nación asociouse a un ideal de monolingüismo. A lingua nacional moderna ía substituír a diversidade máis ou menos pronunciada de formas de comunicación e expresión anteriores. Tería que ser empregada por todos os membros da nación, fose cal fose a súa orixe xeográfica e social, e servir para todos os usos, desde os máis triviais aos máis elevados, desde a compra de verduras no mercado ata o discurso político, pasando pola declaración de amor ou a conferencia académica. No XVIII eran raras as linguas que podían cumprir todos estes usos. O século XIX foi o escenario de grandes operacións de construción/modernización/difusión das linguas nacionais sobre bases diversas. Nalgúns casos, a lingua nacional moderna foi elaborada a partir dunha lingua escrita xa existente e eventualmente modernizada, enriquecida coas contribucións tomadas de dialectos vivos e simplificada para poder ser practicada por toda a poboación —así acontece co italiano, o alemán ou o húngaro, por exemplo. Mais, noutros casos, foi preciso un traballo filolóxico

considerable para crear linguas nacionais, escritas e orais, a partir de dialectos falados polos campesiños –como pasou con numerosas linguas eslavas balcánicas, co finés ou co estoniano, por exemplo. Unha cuestión que cómpre subliñar é que, na meirande parte dos casos, a formación das linguas nacionais non foi o resultado de medidas estatais, senón que foi levada a cabo por intelectuais patrióticos. O Estado nacional aínda non existía e estas operacións filolóxicas preparaban a reivindicación da soberanía nacional. Houbo, decote, asociacións libres de elites patriotas que financiaban as primeiras publicacións e ensinanzas na nova lingua nacional.

## O CAMPESIÑADO, SÍMBOLO DA NACIÓN MODERNA

A nación moderna é unha comunidade transocial. Recoñecerlle dereitos políticos ao conxunto da poboación, incluídas as capas sociais máis pobres –é dicir, nun principio o campesiñado– era unha concepción propiamente revolucionaria, preparada e acompañada polo recoñecemento cultural das poboacións máis humildes da comunidade nacional. O campesiño mesmo se tornou, na Europa do século XIX, nun símbolo nacional. Nun primeiro momento, o campesiñado, que durante séculos fora considerado desprovisto de toda cultura, foi presentado como unha sorte de museo vivente das orixes nacionais. As tradicións populares, ata daquela desprezadas, promovéronse como vestixios da cultura orixinal, a dos antigos fundadores. Os intelectuais multiplicaron as pescudas e a recollida de cantos e costumes populares para poñer ao día os fundamentos auténticos das culturas nacionais. A etnografía apareceu como unha especie de arqueoloxía do nacional. Por outra banda, unha cuestión fundamental que se lles presentaba ás nacións emerxentes radicaba na valoración da súa íntima relación cun territorio, e o campesiñado víase como a encarnación viva deste vencello entre comunicade nacional e territorio nacional. Canto máis se industrializaban e se urbanizaban as nacións europeas, máis competían, máis situaban a súa identidade por referencia ao arcaísmo e ao mundo rural. Nesas grandes exhibicións de identidade que foron as exposicións internacionais, a partir de 1851, os grandes pavillóns de maquinaria lindaban coas mostras de tradicións populares nacionais e coas «aldeas etnográficas». A finais do século XIX abríronse museos

de etnografía nacional en todas as grandes capitais europeas, os cales se presentaban explicitamente como lugares de educación patriótica.

O campesiñado revestíuse tamén dunha función de identidade: a de encarnar a nación auténtica e pura contra un proletariado considerado máis perigoso para a nación canto que se podía ver, ao mesmo tempo, como non-nacional de orixe e/ou internacionalista.

O principio nacional, de feito, xerou a súa contradición. Afirmáronse a igualdade xurídica dos cidadáns e a solidariedade da comunidade nacional, mentres que o sistema capitalista en expansión marcaba novas diferenzas económicas entre individuos. A mediados do século XIX, no momento mesmo en que se comezaba a impoñer en Europa o principio nacional, constituíuse o seu aparente oposto: o internacionalismo. O ano 1848 foi, así mesmo, a «primavera das nacións» e a data de nacemento do internacionalismo marxista, o dos proletarios que «non teñen patria» e que se deben unir. Por un lado, a identidade baseada na clase, alén das pertenzas nacionais; por outro lado, a identidade nacional interclasista... O antagonismo entre estes dous principios constituíu, en aparencia, a gran fenda que dividiu o mundo entre 1917 e 1991. A realidade, como se sabe, foi moito máis complexa: socialismo, comunismo, patriotismo e nacionalismo propiciaron todo tipo de combinacións.

O pulo experimentado polo principio nacional comportou toda unha serie de consecuencias. Algunhas delas poden considerarse positivas: creáronse novas comunidades segrares, animadas por reivindicacións liberais de emancipación e de solidariedade transocial; os Estados-nación serviron de berce para a democracia e o desenvolvemento económico. Porén, outras consecuencias marcaron traxicamente a historia de Europa e do mundo. A vontade de facer coincidir un territorio, unha cultura homoxénea e unha comunidade política, así como o obxectivo de identificar Estado e nación, implicaron todo tipo de abusos contra as poboacións chamadas «minoritarias»: asimilacións forzosas, expulsións, exterminio. As «teorías raciais» elaboradas no XIX serviron, ademais, para presentar como irredutibles diferenzas culturais máis ou menos acentuadas. O século XX comezou en Europa coas primeiras «limpezas étnicas» e o terrible enfrontamento dos nacionalismos europeos na primeira guerra cualificada de mundial.

A idea de Unión Europea naceu dunha vontade de acabar cos choques nacionalistas e coas traxedias causadas polas guerras mundiais. A primeira forma

de Comunidade Europea foi, de feito, un club pechado de democracias liberais, definido económica e politicamente pola súa oposición ás ditaduras do Sur e ás «democracias populares» de réxime comunista do Leste. Ata a caída do muro de Berlín, a construción europea puido efectuarse sen que parecese crucial a cuestión da identidade europea; no entanto, tornouse fundamental no decenio de 1990. A Europa actual, de dimensións continentais, xa non se define por oposición a outra comunidade político-económica: poderíase dicir que o seu único problema é que a eliminación das obrigas que pesaban sobre o continente comprometía os europeos a atopar con urxencia, e por vez primeira na súa historia, as razóns de fundar unha comunidade de intereses e destino. Como considerar e representar os fundamentos da solidariedade e da cidadanía entre europeos para lexitimar unha verdadeira unión política? Algúns políticos ou pensadores, como Jürgen Habermas, propuxeron fundar a cidadanía europea sobre un patriotismo constitucional, unha adhesión política que permitiría non renovar as traxedias inducidas polo nacionalismo cultural.

O problema radica en que unha adhesión deste tipo semella demasiado fráxil e inestable para poder contrarrestar os dous outros modos de identificación que hoxe están collendo un gran pulo: o nacional e o relixioso. De aí a tentación, que cada vez ten maior presenza desde hai uns anos, de querer reproducir para a Unión Europea un modelo que deu proba da súa eficacia: o do nacional. A combinación da comunidade política coa comunidade cultural amosouse, en efecto, de grande eficacia para a constitución de unidades políticas fortes e estables. O paradigma transnacional de formación da identidade nacional, reproducido en numerosas ocasións e amplamente exportado fóra de Europa, semella, xa que logo, unha solución tentadora. De feito, na actualidade estanse a realizar numerosas actuacións para tentar realzar o valor dunha cultura común dos europeos, fundamentada nun pasado común: tentativas para escribir unha historia de Europa, definir os lugares de memoria europeos, cidades de cultura europea, etc. Mais abundan os obstáculos: por unha banda, porque resulta extremadamente difícil europeizar o que se constituíu nun marco nacional. Como chegar, por exemplo, a concibir unha historia común europea cando toda a nosa percepción do pasado está fundamente inscrita nos marcos nacionais? Pensemos neste exemplo co que nos atopamos acotío: os billetes de euro veñen ilustrados con elementos arquitectónicos virtuais, xa que todos os monumentos

do espazo europeo se perciben en termos nacionais. Por outra banda, o monolingüismo nacional, que resulta ser un poderoso factor do sentimento de pertenza a unha comunidade e que permitiu o desenvolvemento dun «espazo público» para os cidadáns, constitúe hoxe un dos principais obstáculos para o desenvolvemento dun espazo público europeo. A Europa actual caracterízase por un serio déficit democrático que é imputable, nunha gran parte, a unha falta de espazo público transnacional. Sobre todo, pódese obxectar, ao meu ver, que o modelo nacional correspondía a unha forma hoxe superada de concepción das relacións sociais e produtivas: homoxeneización dun espazo xeograficamente circunscrito e de fronteiras ben definidas, estritamente xerarquizado e monocéntrico. O modelo da identidade nacional correspondía á era do prelo, dos ferrocarrís e da expansión industrial. A Unión Europea, sen dúbida, debería procurar a súa identidade nas novas topoloxías da posmodernidade, policéntricas e flexibles, nas cales as relacións entre individuos e grupos non seguen liñas inmutables e xerarquizadas. O lema proposto para a Unión, «unidade na diversidade», claramente debería rexeitarse de acordo con estas novas formas de comunicación e produción. Xa que logo, habería que emprender con determinación empresas innovadoras e unha mudanza conceptual tan radical como a que inspirou, hai dous séculos, a formación das nacións.

## BIBLIOGRAFÍA

- ANDERSON, B.: *Imagined Communitities*, Londres, Verso, 1983.
- BAGGIONI, D.: *Langues et Nations en Europe*, París, Payot, 1997.
- GELLNER, E.: *Nations and Nationalisms*, Oxford, Blackwell, 1983.
- HOBBSBAWM, E. e T. RANGER: *The Invention of Tradition*, Cambridge, Cambridge University Press, 1983.
- HOBBSBAWM, E.: *Nations and Nationalisms since 1780*, Cambridge, Cambridge University Press, 1990.
- LÖFGREN, O.: «The Nationalization of Culture», *National Culture as Process, Ethnologica Europea*, XIX, 1, 1989.
- POULOT, D.: *Musée, Nation, Patrimoine, 1789-1815*, París, NRF-Gallimard, 1997.
- SMITH, A. D.: *National Identity*, Londres, Penguin Books, 1991.
- THIESSE, A. M.: *La Création des identités nationales-Europe XVIII-XX siècle*, París, Seuil, 1999.